


OLA, XENTE!



SON O OSO LAMBÓN E
VOUVOS CONTAR COMO E
CANDO SAÍR Á RÚA OUTRA
VEZ.

Adaptación da guía orixinal de
Carmen Esteban @mipsicologainfantil

ESTA É A MIÑA FAMILIA!



SABEMOS QUE LEVAS MOITOS DÍAS NA CASA
SEN SAÍR! ESTALO A FACER XENIAL!

NON SEI SE SABES QUE NÓS TAMÉN QUEDAMOS
NA CASA SEN SAÍR TODOS OS INVERNOS, É O
QUE AS PERSOAS HUMANAS CHAMAN


"HIBERNAR".

Adaptación da guía orixinal de
Carmen Esteban @mipsicologainfantil


**ESCOITAMOS QUE OS NENOS E NENAS
HUMANAS IDES SAÍR Á RÚA A PARTIR DO 26
DE ABRIL.**




**NÓS TAMÉN SAIREMOS AGORA QUE É
PRIMAVERA E FAI CALOR.**




**LEMBRO A PRIMEIRA VEZ QUE SAÍN DA MIÑA COVA DESPOIS
DE MOITAS SEMANAS HIBERNANDO. SENTÍN MOITAS
EMOCIÓN S Á VEZ...
CALES SENTES TI?**



LEDICIA




PREOCUPACIÓN




ANOXO




NERVIOS




CALMA



MEDO



TRISTURA



ILUSIÓN

Adaptación da guía orixinal de
Carmen Esteban @mipsicologainfantil



**POLO QUE NOS CONTARON, SAIREDES DA
CASA POUCO A POUCO.**

PRIMEIRO AS NENAS E NENOS!

**PORQUE AS PERSOAS ADULTAS CREN
QUE SODES MOI RESPONSABLES.**

**SABES O QUE SIGNIFICA SER
RESPONSABLE?**


**FACER AS COUSAS CON
COIDADADO PARA COIDAR
DE NÓS E DAS DE MAIS
PERSOAS.**



**COMO CANDO TIRAS OS REFUGALLOS AO LIXO
PARA COIDAR O PLANETA.**




**TAMÉN COMO CANDO FALAS EN VOZ BAIXIÑA
CANDO OUTRAS PERSOAS DORMEN.**



**OU AO QUEDARTE NA CASA TANTOS
DÍAS PARA PARAR O VIRUS.**



É XENIAL QUE POIDADES SAÍR XA DE CASA,
PERO É IMPORTANTE QUE SIGAMOS UNHAS
NORMAS PARA PROTEXERNOS DO VIRUS.



QUEREDES QUE VOS
EXPLIQUE COMO
PODEDES SAÍR BEN
PROTEXIDOS E
PROTEXIDAS?



Adaptación da guía orixinal de Carmen
Esteban @mipsicologainfantil

1. SAÍR UNHA HORA AO DÍA.

PARA QUE NON SE VOS PASE O TEMPO,
UNHA PERSOA ADULTA PORÁ UNHA
ALARMA QUE VOS AVISARÁ CANDO VOS
TOCA VOLVER A CASA.



2. MANTENTE CERCA DA PERSOA ADULTA QUE TE ACOMPAÑE.



**SAIRÁS CON UNHA PERSOA ADULTA COA
QUE VIVAS.
É IMPORTANTE QUE CANDO SAIAS ESTEAS
SEMPRE PRETO DESA PERSOA.**

3. MANTÉN DISTANCIA CON OUTRAS PERSOAS.



SE VES A OUTRAS NENAS E NENOS, PODERÁS DICIRLLE "OLA" DE LONXE, PERO AÍNDA NON PODERÁS ACHEGARTE.


XA QUEDA MENOS PARA XOGAR TODAS E TODOS XUNTOS!

4. EMPREGA MÁSCARA.



SE TES MÁSCARA NA CASA, PONA.

SERÁS COMA O PERSOAL SANITARIO AO QUE
APLAUDIMOS ÁS 20.00H.



5. COMO SERÁN AS SAÍDAS?

PODERÁS LEVAR OS TEUS XOGUETES
PREFERIDOS, IR EN BICI OU EN PATÍN.



AÍNDA QUE NON PODEREMOS XOGAR NO
PARQUE DE MOMENTO.




6. LÁVATE AS MANS.

AO CHEGAR A CASA LEMBRA QUE O PRIMEIRO QUE DEBES FACER É:

LAVAR AS MANS TAN BEN COMO SABES!





**MOITO ÁNIMO!
LEMBRADE QUE
UN DÍA MÁIS É
UN DÍA
MENOS!**

